



DL-WG01 2013

# Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é o consumo?	Redacción.	4
A sociedade de consumo e o engano empresarial.	Daniel García Reigosa, Eduardo Garzón Espinosa.	6
O consumo de solo na área de Vigo.	Martín Barreiro Cruz.	8
Doazón de sangue.	Daniel Álvarez Bouzó.	10
Consumir educadamente.	Verdegaia.	11
Pequeno acto de atrevemento.	Raquel Hernández.	12
Unha alternativa real: o Grupo de Alimentación.	Ánxelos B. F.	13
Os recortes na Universidade de Vigo.	Asociación Universitaria Enrique Ruano.	14
Portada, almanaque e pasatempos.	Bort.	

0.50€

nº3

Xuño-2013

**COLABORA CONNOSCO!**

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Locais de distribución:

"GS Bou Eva (Vigo), Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Quiosco La Prensa (Vigo), Mercado da Tía Ni (Sabarís), Distrito 9 (Vigo), Café Uff (Vigo), GS Gova dos ratos (Vigo). Bar Princesa (Vigo)".

Tirada do número anterior: 160 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.



# Editorial

Neste número denunciamos a que é a ferramenta fundamental e mellor utilizada polo capitalismo: o consumismo. É a chave para comprender o sistema actual. Todo, absolutamente todo o que move hoxe o mundo, ten que ver co consumismo de forma predominante. Pensemos nos grandes conflitos bélicos dos que, de xeito interesado, se difunde a dimensión relixiosa, independentista ou étnica (entre outras) e nunca os intereses económicos que fican deliberadamente agochados e que sempre xiran en torno a obtención de recursos ou a comercialización de produtos. E pensemos tamén en algo tan aparentemente inocente coma é ver unha serie de televisión (sobre todo as estadounidenses) onde os personaxes son expostos coma un modelo a seguir á vez que se observa que os seus hábitos son consumistas, co cal o espectador identifica éxito social con consumismo. Ou nas festividades oficiais, cuxa distribución e forma de celebración sempre ten na acción de consumir un elemento principal (regalos en Nadal, nos días da nai/pai, no día do libro...)

Todas as enerxías do sistema van encamiñadas a facer que o individuo consuma. É o natural nun modelo no que a finalidade é a obtención de beneficio económico, pois todo vai estar subordinado a isto. O consumo polo consumo é o eixo do sistema. Hai que darse de conta de que isto deixa nun segundo plano o medio ambiente, os servizos e bens públicos, o patrimonio cultural, a felicidade das

persoas, os Dereitos Humanos, a saúde, a propia vida...O que o sistema procura é que todo teña un prezo de mercado, que haxa que pagar por todo e polo tanto que haxa que consumir todo.

Pero as consecuencias do consumismo van moito máis aló, pois chegan ós planos máis íntimos do individuo. A sociedade de hoxe está sometida a unha serie de influxos que a manipula para acadar o consumista perfecto. A contorna na que a persoa nace, medra e posteriormente desenvolve a súa vida está completamente inundada por un chamamento constante a consumir. Mesmo chega a demandarse que outro individuo sexa consumista para que poida ser considerado apto na sociedade (a vida dos ricos é o modelo a seguir). Todo isto se acada mediante unha rede de supostos, de mentiras interesadas e costumes impostas. É preciso loitar contra o consumismo para acadar un sistema máis xusto e saudable para a humanidade. Non é posible que a obtención dun ben ou dun servizo signifique a marxinación dun individuo ou dun colectivo, ou que unha persoa chegue a sufrir patoloxías (ansiedad, depresión...) se non ten a súa dose de consumo habitual.

O consumo non pode ser xamais un fin por si mesmo. O sistema busca xusto o contrario, que sexa unha necesidade; tal é a súa natureza. A conclusión sobre o que hai que fazer co sistema actual é ben obvia.

**DEMOCRACIA FRONTE “OS MERCADOS”  
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR  
PERSA + ACTÚA + ORGANÍZATE**

# QUE É O CONSUMO?

## Redacción

Empregar os bens e servizos para satisfacer necesidades primarias e secundarias.

En termos económicos enténdese por consumo a etapa final do proceso económico, xa que é o momento no que un ben ou servizo produce algúnsha utilidade a quen consume.



## QUE É O CONSUMISMO?

Definición alternativa: A compra de bens e servizos coma un fin en si mesmo, en tanto que práctica para a obtención de satisfacción persoal ou coma signo de estatus e prestixio social.

## CALES SON AS BASES DA SOCIEDADE DE CONSUMO...

A sociedade de consumo de masas é produto do capitalismo que trata de facer chegar os seus produtos a unha parte da poboación o máis ampla posible.

- Coa finalidade de sostener o ritmo de produción de mercadorías, as empresas recorren a estratexias de publicidade agresivas e sedutoras para inducir a consumir.
- Os métodos de fabricación baséanse na produción en masa a partir dun alto desenvolvemento tecnolóxico e recórrese á obsolescencia programada que permite a fixación permanente de produtos e


servizos.

- Os patróns de consumo están masificados. O consumo de masas asume que se consume o que está de moda sinxelamente como un medio de integración social.

**"Xs consumidorxs finais perden as características dos individuos para pasar a ser considerados como unha masa"**

## ...QUE IMPLICA ESTA SOCIEDADE?

- O consumo a grande escala na sociedade contemporánea compromete seriamente os recursos naturais e o equilibrio ecolóxico, pois implica un constante aumento da extracción de recursos naturais e do despoxo de residuos ata o punto de ameazar a capacidade de rexeneración da natureza deses mesmos recursos imprescindibles para a supervivencia humana.



- As persoas consumidoras finais perden as características dos individuos para pasar a ser considerados como unha masa na que se pode influír e á que se lle poden xerar falsas necesidades.
- Este modelo obriga aos países e persoas

pobres a satisfacer o enorme consumo das sociedades "máis desenvolvidas", o que implica que deixen de satisfacer as súas propias necesidades como a alimentación e a saúde. A maioría das características son deseñadas para satisfacer ao mellor postor.

- As persoas convértense en merxs consumidorxs que atopan o pracer no mero consumo por si mesmo, nin tan sequera no desexo de posuír o produto.
- Para achegarse a poder consumir determinado tipo de produtos as consumidoras que menos recursos posúen teñen que endebedarse. Isto fai que o prezo dos produtos se encareza.
- A escasa duración dos produtos xera unha grande cantidade de lixo e un alto consumo enerxético.
- Créase un marco normativo laxo para as empresas, para que así poidan obter grandes beneficios a través do abuso de dereitos humanos, da explotación da natureza, o emprego de paraísos fiscais,...
- Pervértense os conceptos de liberdade e realización persoal. Pois a realización persoal enténdese como a adquisición e acuñamento de bens, e a liberdade enténdese como a posibilidade de establecer pautas baseándose no que as leis permitan áinda que isto supoña a supresión e violación de dereitos.

**"Realiza un consumo  
responsábel e decrecente[...]**

**Pensa que un producto ten detrás  
a persoas, non a marcas"**

## **ALTERATIVAS Á SOCIEDADE DE CONSUMO.**

### **Consumo responsable**

Baséase na idea de que os seres humanos deberían axustar os seus hábitos de consumo ás súas necesidades reais.

A reflexión básica para realizar un consumo responsable debe basearse en:

- Considerar o impacto ambiental dende o punto de vista do ciclo de vida do producto a mercar (valorar os procesos

de producción, transporte, distribución, consumo e residuos que deixa o producto).

- Determinar a pegada ecolóxica que produce determinado estilo de vida e consumo.
- Determinar que empresas, produtos e servizos, respectan o medio ambiente e os dereitos humanos para preferilos fronte a outros que non cumplen cos citados requisitos.



## **Decrecemento**

Baséase na diminución controlada da produción económica co obxectivo de establecer unha nova relación de equilibrio entre o ser humano e a natureza, pero tamén entre os propios seres humanos. Rexeita o obxectivo do crecemento económico do liberalismo e busca un cambio radical do sistema. O decrecemento baséase fundamentalmente en: escala reducida, relocalización, eficiencia, cooperación, autoproducción (e intercambio), durabilidade e sobriedade. A conservación do medio ambiente só é posible reducindo a produción económica que está por riba da capacidade de rexeneración natural do planeta.

## **E TI... QUE PODES FAZER?**

Realiza un consumo responsable e decrecente, achega estas alternativas ás persoas da túa contorna e reclama ás autoridades o desenvolvemento deste tipo de consumo.

Pensa que un producto ten detrás a persoas, non a marcas. A marca presenta unha personalidade positiva, que agocha deliberadamente a realidade das persoas que están detrás, que pode ser negativa por ir en contra dos dereitos básicos das persoas.

# A SOCIEDADE DE CONSUMO E O ENGAÑO EMPRESARIAL.

\*Daniel García Reigosa e Eduardo Garzón Espinosa.

## UNHA SAÍDA Á SOBREPRODUCCIÓN.

Ao longo de toda a historia o ser humano consumiu unicamente os bens e produtos que necesitou para o desenvolvemento normal da súa vida. Pero este hábito de consumo por necesidade foi substancialmente modificado durante o século pasado, pois a comezos do século XX os avances na organización do traballo nos medios produtivos xunto co progreso tecnolóxico deron un forte pulo ás fábricas produtoras aumentando a produtividade. Consegiuse producir os mesmos produtos a unha velocidade maior. Non obstante ese fenómeno topouse cun problema importante: para obter beneficios non só abondaba con producir máis e más rápido, senón que tamén había que vender esas mercadorías. Como a velocidade á que se producían as manufacturas aumentara pero non a velocidade á que se vendían, os ingresos seguían entrando á mesma velocidade de sempre e non se obtiñan vantaxes pola maior velocidade de fabricación (mesmo xurdían desvantaxes, debido ao aumento dos custos ao producir maiores cantidades).

*"Unha vez o individuo abandona 'Matrix' escomenza a ver o mundo de maneira social, dende a solidariedade."*

Unha das solucións más importantes a este problema veu da man da ciencia da psicoloxía. A idea era moi simple: abondaba con vencellar un producto

a unha idea calquera que conseguise motivar ou emocionar ás persoas para empurrallas a comprar máis usando mensaxes publicitarias orientadas ás masas. Os empresarios da época constataron que os hábitos consumistas podían ser modificados a través de mensaxes que debían ir directas ao subconsciente máis profundo das persoas. Os coches comenzaron a ser anunciados como símbolo de poder, de opulencia e de liberdade; en vez de anunciarse polas súas calidades más palpables e visibles, a roupa comezou a ser publicitada como insignia de distinción entre as persoas e como sinal caracterizadora, pois comprar unha determinada marca de roupa suxería pertencer a unhas determinadas esferas da sociedade en vez de simplemente buscar protección fronte ás inclemencias do tempo.

Así foi como os grandes empresarios crearon novas necesidades ás masas para que a xente se vise empurrada a comprar os produtos que eles vendían de xeito que se lle dese saída á inmensa cantidade de produtos que fabricaban. Alimentaron a demanda con estratagemas publicitarias que atacaban as raíces más emocionais e sensibles da mente humana para dar solución ao problema da sobreproducción. Decatáronse de que dispoñían do poder necesario (diñeiro e medios en cantidades abundas) para manipular en boa medida as decisións de compra das masas.

## O ENGAÑO DA CLASE MEDIA.

O boom económico das últimas décadas axudou a estender a falsa idea da universalización da clase media, necesaria para incentivarnos a consumir. Con algunas concesións básicas como o lixeiro aumento dos salarios e algúns dereitos laborais, os poderes económicos coaligáronse cos bancos e dominaron ás elites políticas que dende entón xogan o papel de monicreques dos mercados. Estafas como os créditos, microcréditos, hipotecas e préstamos conseguiron un exército de novas vítimas, seres racionais convertidos en irracionais ao estaren atados a un banco ou a unha financeira para poder acceder a dereitos básicos como a vivenda ou a pequenos luxos como os automóbiles. Non é casualidade que desgravase a compra de vivenda e non o aluguer (foi un mercado en auxe ao que debían darrle saída), que os gobernos financiasen a renovación do parque automobilístico con succulentas axudas públicas que repercutían sobre só algúns consumidores.



Ilustración de Carlos Pérez.

Agora que a crise sistémica golpea a todos os sectores da sociedade descubrimos que todo iso era apariencia e fachada. Non "vivimos por riba das nosas posibilidades", como repiten os voceiros

do capital, senón que eles permitiron e mesmo alentaron que todos tivésemos a impresión de que todos tiñamos un nivel adquisitivo semellante para que consumísemos desenfreadamente mentres eles se lucraban. Pouco lles importa o nefasto impacto ambiental do seu sistema insostible, as consecuencias que sobre a nosa saúde e calidade de vida ten, as súas repercusións sobre os países e os traballadores explotados e mesmo as penurias que o consumo irracional

*"O boom económico das últimas décadas axudou a estender a falsa idea da universalización da clase media, necesaria para incentivarnos a consumir."*

supoñen para unha poboación que é desafiuizada, que busca comida no lixo, que forma filas quilométricas de parados fronte ás oficinas do INEM, que non pode afrontar os seus préstamos, que é estafada con produtos bancarios enganosos etc...

O Cumio de Johannesburgo (2002) deu o dato de que o 15% da poboación mundial que vive en países desenvolvidos é responsable do 56% do consumo total do mundo, mentres que o 40% máis pobre é responsable soamente do 11% do consumo. Esta é a esencia do consumismo: gañar máis sen mirar as consecuencias e conseguir unha sociedade baleira e inhumana con necesidades artificiais inesgotables que eles mesmos nos impuxeron e infinidade de posesións prescindibles que crean unha sensación de opulencia e comodidade.

\*Daniel García Reigosa é mestre e membro da PAH Vigo-Tui;

Eduardo Garzón Espinosa é membro de ATTAC España.

# O CONSUMO DE SOLO NA ÁREA DE VIGO.

\*Martín Barreiro Cruz.

O consumo de solo é unha das principais problemáticas en materia de degradación ambiental nos países occidentais, xa que supón a irreversible desaparición de terreos de especial valor productivo, ecolóxico ou ambiental, por causa da expansión dos espazos construídos.

Entre 1990 e o 2000, na Unión Europea, o consumo de solo tivo lugar a un ritmo aproximado de 1000km<sup>2</sup>/ano<sup>1</sup>.



**"prolifera un tipo de consumo de solo ligado á especulación inmobiliaria, destinada á segunda e terceira residencia."**

Trátase dun proceso que en Galicia tivo unha especial incidencia a partir da década de 1960. Para o caso concreto da área de Vigo, o consumo de solo está ligado á localización de todo tipo de construccions no espazo que rodea á cidade. Canto más accesible se voltou un lugar, máis se acelerou a súa ocupación.

El tipo de crecimiento económico (dependiente de sectores de altos consumos de suelo, como la construcción, el transporte y el turismo), la consolidación y profundización del nuevo modelo de ciudad dispersa y la fuerte inversión en infraestructuras durante el período 1987-2000, son las causas principales<sup>2</sup>.

Se nos ceñimos ao caso da rexión urbana de Vigo, atopámonos cunha coroa duns 10km de radio entorno á cidade central. Nese espazo conformouse unha amalgama de vivendas, espazos comerciais, naves industriais e infraestructuras que conviven con retallos agrícolas e naturais. Este fenómeno recibe o nome de cidade difusa; unha especie de "utopía suburbana" na que todo xira entorno ao individualismo e o coche, pero esto xa é outro tema.

A mencionada dispersión de edificacións sobre espazos idóneos para a producción agrícola foi a resposta improvisada a necesidades básicas como a vivenda. Pero fronte a isto prolifera un tipo de consumo



Nestes mapas podemos observar o consumo de

de solo ligado á especulación inmobiliaria, destinada á segunda e terceira residencia, o que ten máis difícil xustificación. Así, á artificialización de extensas superficies de solo, debemos sumarlle outros impactos para o territorio, entre os que se atopan a degradación ambiental, a fragmentación dos ecosistemas, a subida dos prezos da vivenda, a xentrificación<sup>3</sup>, a sobredimensión de infraestructuras estradais, de saneamento, alumeados e recollida de basuras... entre un largo etcétera.

**"A participación cidadá e a recuperación productiva do territorio son as principais ferramentas con capacidade para frear o irreversible consumo de solo."**

Na situación actual, e a pesar da crise, grandes grupos inmobiliarios están negociando a construcción de novas urbanizacións. Caracterízanse pola súa maior superficie, o seu público (estranxeiro) e os emprazamento que pretenden, xa que buscan espazos que permaneceron á marxe da expansión urbana, ou sexa, os de especial valor agrícola, ambiental e/

ou paisaxístico. Se isto acontecese, sería a derradeira hipoteca para un territorio no que xa se perderon demasiados recursos locais.


Polos motivos expostos consideramos indispensable preservalos recursos productivos locais (como son os solos de especial valor agrícola) xa que serán unha parte indispensable das novas estratexias de desenvolvemento. Neste sentido, a participación cidadá e a recuperación productiva do territorio son as principais ferramentas con capacidade para frear o irreversible consumo de solo.

<sup>1</sup> Comisión Europea (2012) Directrices sobre mejores prácticas para limitar, mitigar o compensar el sellado del suelo, Luxemburgo, Oficina de Publicaciones de la Unión Europea.

<sup>2</sup> Observatorio de la Sostenibilidad en España(2006) Cambios de ocupación del suelo en España Implicaciones para la sostenibilidad, Ministerio de Fomento.

<sup>3</sup>Proceso de transformación física, económica, social e cultural dun barrio, antigamente degradado ou de clase baixa que acaba sendo de clase media-alta.

\*Arquitecto urbanista integrante do estudio RURban



olo no entorno de Cangas, entre o 1956 e o 2008.



# XUÑO

1 -Manifestación  
Pobos Unidos  
contra a Troika.  
Saída as 12:00 Plaza  
España-Porta do sol.  
  
-II Mercadiño  
solidario no Bou Eva.  
Dende as 13:00.

2

-Obradoiro de  
stencil. BOu Eva.  
12:30-13:00.

3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

# DOAZÓN DE SANGUE.

Daniel Álvarez Bouzó.

Cando un consume, esquece que xa foi previamente consumido. O seu emprego consúmelle, cómpralle a súa vida por horas. Rodeado pola venta e o consumo, o ser humano é unha mercadoría máis sometida aos vaivéns do mercantilismo, e en cada transacción sempre lle sacan algúns beliscos: outro anaco de humanidade, un imposto, a forza para crecer como persoa, o beneficio do xefe, o tempo para criar aos fillos... Todos se consumen entre eles, beliscanse mutuamente (tamén aos nenos, tamén ao medio ambiente), nunha loita tácita, xa case natural, autodestrutiva.


A política reduciuse a esta guerra económica, onde o diñeiro é o instrumento universal de poder. E votamos día a día, co único voto real, ao escolle-la urna do capitalismo ou da alternativa, ao inxectar as nosas vidas como insumo, sexa en forma de horas de traballo ou en forma de diñeiro líquido, nunha ou outra opción<sup>1</sup>.

***[O consumo] É como unha doazón de sangue, na que indolentes cedemos a nosa vontade, e espertos contribuímos coa súa forza."***

É como unha doazón de sangue, na que indolentes cedemos a nosa vontade, e espertos contribuímos coa súa forza. Porque podemos escoller se queremos entregarnos como obxecto, ou darnos como seres humanos; se queremos competir entre nós, ou cooperar; beliscarnos eternamente ou apoiarnos mutuamente e medrar xuntos.

Para que as cousas cambien hai que começar a actuar de xeito diferente, no noso facer cotián, nos pequenos actos. O cambio cara unha economía social, é necesario, pero non hai que caer en economicismo; non é suficiente se non ven impulsado e acompañado por unha ética, agora afogada, e que comeza a reclama-lo seu espazo.

**CONSUMO TOTAL E FBCF**  
*Tasas de variación anual en %*



<sup>1</sup> Tal é a nosa influencia como consumidores, que un pequeno cambio no 'consumo total' (fogar, institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares e administracións públicas), vai paralelo a un gran cambio na 'Formación Bruta de Capital Fixo' (FBCF), é dicir, no diñeiro que se reinvierte nas empresas para seguiren medrando.

Táboa extraída da Contabilidade Nacional Trimestral Base 2008 do 28/02/2013 ([http://serviciosweb.meh.es/apps/dgpe/TEXTOS/pdf/completos/sie\\_complet1.pdf](http://serviciosweb.meh.es/apps/dgpe/TEXTOS/pdf/completos/sie_complet1.pdf))

# CONSUMIR EDUCADAMENTE.

Verdegaia.

As crianzas están perdidas nun mundo no que as persoas adultas (aqueles que deberían por os cimentos para o benestar infantil) tamén o están. Proba disto é a tolemaia colectiva reflectida na provocada adicción polo consumo bulímico de produtos de más que dubidosa necesidade. Empobreceuse de tal xeito o sentido da vida que, coma ratos en rodas engaioladas, nos deshumanizamos procurando cartos que esgotar mercando a busca dunha falsa felicidade; estamos cegados polas promesas de necesidades vitais cumplidas que nos chegan a través das canles do sistema escravizador e, perante a evidencia do baleiro que agochan, en troques de abandonar a gaiola, coma bos escravos, permanecemos nela coa falsa esperanza de alimentar con produtos innecesarios algo que só se pode acadar a través da renuncia ao sistema consumista.

***"Unha vez o individuo abandona 'Matrix' escomenza a ver o mundo de maneira social, dende a solidariedade."***

Os sistemas educativos ben pouco fixeron para evitar que no futuro as crianzas poidan romper coa destrutiva tendencia; ao contrario, alentaron esta demencia cumprindo coa súa principal función: crear instrumentos ao servizo do Estado (invento que obedece as consignas dos mercados). Aceptada a evidencia de que o ensino estruturado é unha fábrica de autómatas sen alma e que o Estado traidor é o peor inimigo da democracia, fica algunha opción para evitar que as futuras xeracións sexan carne de consumo? Dende logo que si. Vémolo, se queremos e desgraciadamente, por mor da crise económica e alí onde a non sociedade da demencia non chegou coa súa ciencia desvirtuada da destrucción.

Hai persoas dos chamados países enriquecidos que agora están en vías de regreso á humanidade porque aquí a crise europea golpeou forte e se levou os seus "soños" (pesadelos provocados polo consumismo) cun brusco espertar, o cal puxo a súa resiliencia e capacidade de adaptación a proba. Isto serviu para que o escenario de plástico do capitalismo (chamémolo 'Matrix') se derrubase e permitise ver outros camiños posibles alén do sistema autodestrutor individualista: moedas sociais, renda básica, finanzas éticas, grupos de consumo, redes de troco, soberanía alimentar, permacultura, redución e reutilización, compostaxe, reconversión socioambiental, bioconstrucción... Unha vez o individuo abandona 'Matrix' escomenza a ver o mundo de maneira social, dende a solidariedade, tendo en conta que as decisións colectivas polo ben común son as que verdadeiramente o achegan a esa paz na absoluta felicidade do animal biopsico-social que somos.



Foto de Miriam do Roxo.

Agora, debemos preguntarnos que mundo queremos legar: sociedade ou non sociedade. En Verdegaia apostamos claramente pola construcción dunha sociedade e por iso defendemos un modelo educativo ecosocial.

# PEQUENO ACTO DE ATREVEMENTO.

\*Raquel Hernández.

## CULTURA CONTRA A MENTIRA

Falaría de consumo, de produtos e de economía se con isto non sentira que só estou a emplegar palabras roubadas aos seres humanos, palabras malladas, azoutadas e falsificadas. Se lembrase que non hai moito tempo a especie humana ainda cazaba para alimentarse, abrigarse e construír un lugar no que se resguardar e que entre os seres humanos había verdadeiros actos de intercambio, entón sentiría que estaría a falar de necesidade e de cultura.

*"Falaría de PERSOAS, de ACCIÓN e de POESÍA, porque sen isto estariamos deixando que nos roubasen a nosa NATUREZA."*

Quen nos rouba? Que nos rouba? Quen mente?

Hai pouco o meu pai contábame que unha noite, estando na cabana onde el vivía cando era cativo, a súa nai preguntou que ceiarían aquela noite. E coa mesma o seu pai colleu a escopeta e liscou. Despois de varias horas volveu e aquela noite houbo cea.

Poderíamos visualizar ao ser humano nunha gran balanza. Dun lado da balanza habería que colocar a súa capacidade de acurtar os procesos, de economizar para chegar a un mesmo resultado, da

búsqueda da comodidade; e no outro a súa necesidade de investigación, de aprendizaxe, de desenvolvemento da imaxinación. Parece ser que na infancia a necesidade de aprendizaxe ten máis peso na balanza e que conforme van pasando os anos a balanza vai pouco a pouco escorándose.

E non falaría de antioxidantes, de potenciadores do sabor, de pesticidas, de publicidade, de austeridade, de Nestlé, de produtos BIOLÓXICOS, dos programas da TV, do Real Madrid, de Nadal, da Selección española, da OPOSICIÓN, da Bolsa, da "CRISE", da dieta de verán, de Inditex, das Torres Xemelgas, de Bin Laden...



Falaría de PERSOAS, de ACCIÓN e de POESÍA, porque sen isto estariamos deixando que nos roubasen a nosa NATUREZA.

\*Teatro Ensalle.  
CULTURA CONTRA A MENTIRA

# UNHA ALTERNATIVA REAL: O GRUPO DE ALIMENTACIÓN.

\*Ánxelos B. F.

Cultivar, construír, tecer,... xa non son actividades feitas por un mesmo ou na pequena comunidade. Na sociedade 'desenvolvida' somos dependentes de case todo. Consumimos e producimos o que o sistema manda.

Contra isto o primeiro sería concienciarnos. Logo darrle uso á liberdade: decidir que, onde, a quen, canto e por que consumimos.

A primeira das nosas necesidades é a alimentación, partindo desta podemos escoller:

- Alimentos de producción local, máis dos que pensamos. O resto buscalo no máis achegado, evitando transportes.
- Produtos da tempada, esperar ao verán para comer mazás, así foi ata hai pouco.
- Por defensa cultural e da saúde preferir o caldo galego ás hamburguesas.
- Colaborar nunha mellora da xustiza social e económica comprando directamente cao persoa produtora.
- Protexer o medio natural esixindo produtos cultivados de xeito respectuoso coa natureza e sen embalaxes innecesarios.

**"O primeiro sería concienciarnos.  
Logo darrle uso á liberdade:  
decidir que, onde, a quen, canto  
e por que consumimos."**

Dende hai un tempo, o pan que consumo, os ovos, as hortalizas e froita, son de produtores locais, veciños do concello. Os lácteos e derivados son galegos. O arroz,

fariñas, legumes e aceite prodúcense en cooperativas de Castela e Andalucía. Ao relacionarnos directamente cas produtoras o intercambio ten outro sentido, se comparten ideas, coñecementos, proxectos.

E dando un paso máis, igual de importante, podemos pasar do individual ao colectivo: xuntarnos con outras persoas coas mesmas inquedanzas, comezar a buscar de xeito libre novas formas de participación e organización social, indispensables para un futuro máis humano.



Os grupos de alimentación 'consciente' están estendéndose: Vigo, Cangas, A Guarda, Gondomar... Na cidade ou no rural, en comunidades de edificios, centros culturais, veciños, locais públicos... Logo precisase un pequeno grupo de persoas que se impliquen e se organicen cara o mesmo fin común. E por último espallalo.

\*Membro do Grupo de Alimentación Val Miñor e da Horta Comunitaria Val Miñor  
<http://gavm.arredemo.org/>

# OS RECORTES NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Asociación Universitaria Enrique Ruano

A nosa Universidade está a sufrir o comezo dunha época que só se pode catalogar como triste e lamentable. Unha época de recortes, de precariedade, de perda de calidade educativa, de privatización e

mercantilización. As primeiras medidas están afección especialmente ao Personal Docente Investigador (PDI) e o Personal de Administración e Servizos (PAS), afectando

consecuentemente ao estudiantado: suba de horas, descenso de salario e non renovación de contratos son as tres características principais da política que a Reitoría, monicreque ás ordes do ministro Wert, está a aplicar este ano, e seguirá aplicando os vindeiros. Así concretamente:

- O PAS verase afectado por un aumento de xornada (de 35 a 37,5 horas semanais) sen incremento de salario nengún.
- Os convenios sobre os horarios do PAS son suprimidos unilateralmente pola Administración.
- Instituirase unha "bolsa de horas" para acumular esas 2,5 horas semanais engadidas. De tal xeito, o PAS deberá cubrir turnos en calquer horario; estes turnos de "horas estrañas" pode ser notificados en calquer momento baixo a escusa de "causa sobrevida".
- O PDI verase afectado por unha redución de postos de traballo. O

conjunto do profesorado asociado corre o risco de non ser renovado

- So se están cubrindo o 10% das xubilacións.
- Para non deixar as aulas baleiras con estes despidos encubertos: o PDI da Uvigo verá aumentada as súas horas docentes ata o máximo legal; mermándose así na súa faceta investigadora.
- As baixas do PDI menores de 15 días non se están cubrindo.
- Reducción dos complementos salariais autonómicos dos PDI.
- O calendario lectivo será recortouse xa en dúas semanas.
- As bolsas para estudiantes para a realización da avaliación do profesorado foron suprimidas (Esta avaliación do profesorado será realizado por ETT's)

**"A Asociación Universitaria  
Enrique Ruano facemos  
un chamamento a toda a  
comunidad universitaria:  
organícemonos en defensa da  
nosa Universidade."**

Por todo isto, dende a Asociación Universitaria Enrique Ruano facemos un chamamento a toda a comunidade universitaria: organícemonos en defensa da nosa Universidade, dos postos de traballo e de toda unha xeración, que por primeira vez na historia deste país, corren o risco de vivir peor que a xeración anterior.



Mover brancas e

dan mate en 4.



	3			5		
5	2			6	4	
7			4	8	9	3
					8	
	6	8	7	4	2	
	5			3	7	
2			6	7	9	8
4		5		7		6
			2			

